

Comentarios recollidos no [Blog da Biblioteca do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-08

1. "*Camposanto*" pareceume un libro interesante e fácil de ler xa que a narradora usa un léxico doado de entender. Tamén recorre moito ó diálogo e iso axuda a que se lea en pouco tempo, por iso eu, dedicándolle un anaquiño de tempo despois de cear, lino en catro días. Eu aconsellaríao a tódolos adolescentes, e sobre todo, se son de Pontevedra e do Instituto Sánchez Cantón, mais que nada porque penso que o apreciarán máis identificando os profesores que aquí aparecen e tamén recoñecendo os lugares onde se desenrolan os acontecementos. Un dos motivos polos que me gustou esta historia é porque se fai moi crible, chega a emocionarte xa que esqueces que é unha historia inventada. Isto débese a que os problemas que lle ocorren a Lea, que é a protagonista da historia, poderíanlle pasar a calquera adolescente. Outro factor importante que contribúe a facer esta historia mas crible é o lugar onde se desenvolve, xa que son sitios que todos coñecemos, tales como a Ponte da Barca, o Campiño...incluso fala das discotecas máis coñecidas de Pontevedra. Todo isto axuda a que te metas de cheo na historia. A escritora transmite moito, dende tristeza ata risa, xa que ten algún punto cómico. E penso que o motivo de que o lector se vexa identificado cos problemas desta adolescente, é que a comprendan. Débese a que a autora da novela tamén é moza e por iso é capaz de chegar ós lectores dese xeito, sen embargo se a escritora fose unha persoa maior contaríaa doutro xeito, quizais desde outro punto de vista. A personaxe que máis me conmoveu foi Sofia, a súa vida converteuse nun inferno, pero pese a todo segue loitando por sobrevivir cun pai alcohólico que lle pega a ela e ó seu irmán pequeno. O final gustoume, xa que Sofia ... Quizais con iso a escritora queira dicir que hai amigos que se fan dende pequenos e nunca se perden, a pesar dos problemas que teñan. Se tivera que comparalo con algunha outra novela faríao con "Cuarto verano en vaqueros" que lin fai pouco, porque tamén trata dun grupo de cativas que eran amigas dende pequenas pero tivéronse que separar xa que ían a estudar a sitios diferentes, aínda así a súa amizade nunca se perdeu. Elas tamén narran os seus problemas e preocupacións. **(María)**

2. *Camposanto* é un libro que fala da adolescencia, da adolescencia de dúas nenas amigas chamadas Sofia e Lea. Este foi un libro que me gustou bastante, ao principio é un pouco aburrido e lioso porque vai cambiando de ano, pero o final é máis entretido. No libro obsérvase claramente que o lugar do que fala e Pontevedra, aínda que lle cambie o nome a lugares como Pontevedra por Pontedela, Campolongo por Campolonxe, Carabás por Ondevás... e algúns outros nomes mais. Tamén ao falar de certos profesores do Sánchez pódete facer unha idea de quen está falando. Gustoume moito do libro a boa amizade entre as dúas protagonistas, xa que se nota que son amigas de verdade. O que non entendo é que se son tan amigas e confían a unha na outra, porque Sofia non lle contou a Lea ..., porque penso que si me pasase iso a min tería que contalo, lle pasou. Mentres lía eses capítulos do libro (cando contaba ...) non podía evitar que me caesen as bágoas, porque me pareceu superforte e dábame moita magoa. Tamén me pareceu curioso como as nenas falaban en galego e o defendían moitísimo, xa que eu so coñezo a un rapaz que fale sempre galego, pero non digo que sexa nada malo, ao contrario a min gustaríame falar máis galego pero son incapaz porque non me acostumo. Tamén me gustou o cariño que lle teñen á súa aldea, recórdame o cariño que lle teño eu a un lugar onde veraneo que se chama Liméns. Resultoume un pouco raro que Lea sexa, porque aínda que ese sexa un tema moi actual na sociedade,... Outro tema que me sorprendeu foi o do suicidio, paréceme increíble que unha rapada xove se queira suicidar, porque esa non é maneira de solucionar nada. A parte na que Lea lle aconsella a Marquiños o irmán de Sof que lea *O Principiño* e cando comentan a parte que máis lles gustou, gustoume! E incitoume a min a ler ese libro porque dicía cousas bonitas. En xeral, gustoume bastante o libro, cos seus capítulos máis aburridos e os máis divertidos, pero non é un mal libro, o malo que ten é que representa unha realidade cunha forma negativa de ver as cousas e triste. Se tivese que darlle nota daríalle un 8. **(Andrea)**

3. *Camposanto* é unha obra sinxela e clara, na cal a autora nos fala da dura existencia de dúas rapazas de bacharelato: Sofía e Lea. Pode que o que máis me chamou a atención da obra foi o seu carácter realista, tanto polo feito de que os escenarios da novela sexan reais, ao igual que algúns dos seus personaxes, como pola estrutura da historia: A novela está dividida en capítulos, cada un ambientado nun ano distinto da vida das protagonistas, de forma que, ao seguir a vida das rapazas dende a súa máis tenra infancia, ata a súa madurez, acabas pensando que realmente son personaxes reais, que realmente nun edificio de Campolongo vive unha rapaza chamada Sofía co seu irmán pequeno, ou que realmente hai cinco anos un rapaz chamado Alberto ...En xeral, gustáronme moito os temas tratados pola historia, case todos relacionados coa adolescencia, pero á vez moi variados: dende as drogas e o alcohol, pasando pola sexualidade e rematando coa morte. Todos eles son temas moi fortes, pero á vez comúns na vida diaria de moitas persoas: son centos as persoas que se xuntan nas fins de semana no Campiño para beber e consumir drogas, centos as mortes de rapaces na estrada todos os anos, e encanto á homosexualidade é un tema tamén moi común nos nosos tempos. Tamén me chamou a atención o ben escollido e adaptado que está o final da

obra, o feito de que ... sen embargo, as palabras escollidas para redactalo, fan que pareza o final máis lóxico posible para a obra ,... , coma se fose un final perfecto. Moitas veces na historia cóntasenos anacos da obra do *Principiño*, a verdade é unha obra que eu nunca conseguín rematar, ben sexa porque o intentei cando era demasiado nova e non o volvíñ intentar na vida, ou porque me parece unha obra tan idealizada que xa non ten sentido ningún para min lela. Sen embargo, os anacos mostrados na obra gustáronme moito e pareceume que estaban moi ben escollidos. En xeral, pareceume unha obra moi boa, e tan real que ás veces parece que estás véndoo nunha reportaxe, ou lendo o diario privado de alguén. Pode que o único feito que me pareceu un pouco surrealista foi que Lea elixira ... na Ponte da Barca, a verdade é que me pareceu un lugar bastante mal escollido, non creo que unha persoa que está pensando en elixa un lugar cheo de xente para facelo. En definitiva a obra gustoume moito e creo que andar a buscarlle defectos sería unha estupidez, é unha obra entretida que a ningún lle vería mal ler. **(Antía)**

4. *Camposanto* a verdade é que non me gustou moito. É un libro moi dramático e ademais non me gustou moito como estaba escrito. A relación entre os capítulos é un pouco rara e ata o final que teñen unha certa similitude, non se sabe moi ben o que estás a ler. Nunca deixa moi claro nin describe moito os lugares, como por exemplo Liar que aínda que fala moito del, de feito en case todas as situacións o nomea pero non fai unha descrición clara del, non sei, ao mellor é a forma de escribir. A historia que conta, a verdade, non se fai pesada, aínda que tampouco engancha, pero si en ocasións resúltanche graciosas algunhas situacións, como cando fala da gala de fin de curso, do botellón, de Carabás e dos profesores do instituto, porque esas son cousas que nós estamos a vivir, porque acontecen aquí na nosa Pontadela. A verdade, a idea de escribir unha noveliña da túa vida cambiándolle os nomes ás cousas esta ben, porque ás veces, se o pensas, resultaría moito mais interesante a narración da historia da túa vida, que aínda que sexan cousas de rutina, a outras persoas non lles pode parecer así, que che conten unha historia totalmente inventada. Os personaxes e as historias que pasan son todas demasiado tristes, e dá un pouco de mágoa, a amiga, o Alberto, ela que se quere ..., as historias que conta son todas moi levadas ao máximo extremo de tristeza, e as cousas non son todas así. E menos penso eu, que unha nena de 17 anos ten unha vida tan desgraciada, ou polo menos non se a desexaría a ningún. Un libro que está ben se pensas que o escribiu unha nena normal coma nós, do noso instituto, e que lle gusta escribir. Entretido para pasar un bo rato lendo, fácil de ler, curtiño, e cun vocabulario moi común. **(Margarita)**

5. *Camposanto* é un libro no que o seu título me pareceu un tanto curioso xa que *camposanto* era o nome que se lles chamaba aos cemiterios, creo que a autora quere darlle este nome polas cousas que lle pasan. No libro refírese ao Camposanto ao Campiño, chamoume moito a atención xa que igual ela o ve como algo "típico" nos adolescentes ir ao Campiño, para ela igual ir ao Campiño é sagrado xa que vamos todos os mozos. O libro trata temas moi da actualidade como é o maltrato, as drogas... Moitos adolescentes poden sufrir maltratos por parte dos pais, consumir drogas... A forma en que está redactado o libro é un pouco rara xa que mestura o pasado co presente e á veces pérdeste, pero é moi fácil de ler e está moi ben, sobre todo para os rapaces de Pontevedra e aos que estudan no Sánchez, recomendaríalle sen dúbida. **(Leyre)**

6. Este libro encantoume por varias razóns: a meirande parte da acción transcorre na cidade de Pontevedra e no noso instituto, o Sánchez Cantón. Todo con nomes cambiados dos lugares e dos profesores do centro, pero visualizas todas as descricións do libro perfectamente. A segunda cousa que me gustou é o crible da historia, a de calquera adolescente que hoxe tería vinte e poucos anos. Conta partes da súa vida mesturadas, o que me pareceu unha proposta moi orixinal. A terceira foi a amizade intensa que reflicten as dúas amigas: Lea e Sofía. Pero non se atreven a manifestarse mutuamente os seus segredos: o maltrato por parte de ... a esta e que Lea non manifesta o ... A novela parécese a un drama xa que acontecen gran número de desgrazas pero a obra acaba ... Penso que é un libro recomendable para calquera adolescente que trata temas tan de actualidade como o botellón no Campiño (*Camposanto* segundo Lea), a homosexualidade ou o maltrato. O libro encantoume. Do 1 ao 10 eu poríalle un 9. **(Fernando)**